



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Yolanda Díaz Pérez**, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión I**, relativa o Convenio asinado entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia para o establecemento dunha base para probas con drones no aeródromo de Rozas en Castro de Rei.

Alternativa Galega de Esquerda ten denunciado de xeito reiterado as intencións do Ministerio de Defensa e da Xunta de Galicia de converter o aeródromo de Rozas nunha base para probas con drones militares, agochando información relevante a toda a cidadanía galega.

AGE denunciou esta situación e presentou diferentes iniciativas no Parlamento Galego e no Congreso través do Grupo da Esquerda Plural quen, ademais de realizar diferentes preguntas sobre este tema ao Goberno, solicitou a comparecencia do Ministro de Defensa que a día e hoxe segue pendente.

En xaneiro de 2014 o INTA anunciaba a inminente firma dun convenio coa Xunta de Galicia para perimetrar e cercar o aeródromo de Rozas, mellorar a torre de control, construír un novo hangar e instalar un sistema de seguridade aérea para detectar aparellos en voo, dentro do programa para o establecemento da base de probas para

drones permanente que o Instituto Nacional de Tecnoloxía Aeronáutica previu para as instalacións Lucenses.

No pasado Debate do Estado da Nación, celebrado o pasado día 7 de outubro, o Presidente do Goberno Galego anunciou un investimento de 10 millóns de euros para adaptar as instalacións do aeródromo de Rozas e convertelo nunha base para drones de uso civil, empregando diñeiro público de Galicia ao servizo do Ministerio de Defensa para a realización de probas con drones de empresas privadas.

O Presidente do Goberno Galego ocultou información relevante de xeito grave e recalcou o carácter civil dos artefactos a desenvolver en Rozas cando xa se coñecían, como demostrou AGE, as probas con modelos de dron con fins militares como o propio ATLANTE en proceso de artillaxe polo fabricante de mísiles MBDA.

O día 23 de decembro de 2014, tivo lugar o acto de presentación do Centro de Investigación en Avións non Tripulados, ao que asistiu o Presidente da Xunta de Galicia e o Secretario de Estado de Defensa Pedro Argüelles, un evento no que de novo o señor Núñez Feijoo insistiu no carácter civil das instalacións do Ministerio de Defensa.

O pasado 24 de Marzo de 2015, Bartolomeu Marqués Subdirector de Experimentación do Instituto de Técnica Aeroespacial dependente do Ministerio de Defensa, o director deste organismo, Tenente Xeral Ignacio Azqueta e o Conselleiro de Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde, acudían a Rozas para anunciar a sinatura dun convenio entre as dúas administracións para desenvolver o Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR) que vai implicar o desembolso de case 12 millóns de euros de diñeiro público dos galegos e das galegas. Un proxecto que ademais de pór ao servizo das multinacionais armamentísticas instalacións e recursos públicos, non vai a crear emprego nin desenvolvemento económico para a zona, pois tanto o INTA como as empresas usuarias do Aeródromo de Rozas, trasladan ó seu persoal e instrumental para a realización das probas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

-Cal son os termos contidos no convenio asinado pola Xunta de Galicia co Ministerio de Defensa para o establecemento dunha base para a experimentación con drones?

-Cales son os recursos e a procedencia dos fondos que a Xunta de Galicia ten pensado investir en Rozas?

-Está en posesión a Xunta de Galicia das certificacións e autorizacións da Axencia Estatal e Europea de Seguridade Aérea para a realización de probas con avións non tripulados no territorio Galego?

En Compostela, a 25 de marzo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 25/03/2015 12:53:52**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 25/03/2015 12:54:00**

**Yolanda Díaz Pérez na data 25/03/2015 12:54:05**